

## **Inclusión das persoas con discapacidade nas universidades presenciais, dende o punto de vista dos seus pares: A perspectiva de xénero**

*María Isabel Novo-Corti, Jesús Miguel Muñoz Cantero & Patricia María Becerra Amado.*

*Universidade Da Coruña (España)*

**Resumo:** A inclusión social das persoas con discapacidade é unha das prioridades das sociedades avanzadas, pero esta só se pode acadar plenamente en contornos normalizados. Se ben os xóvenes con discapacidade están accedendo de forma crecente á educación, fano maioritariamente nas universidades abertas ou á distancia, de xeito que a súa inclusión educativa non vai acompañada coa socialización universitaria cos pares. Para acadar este obxectivo é preciso, como se amosa na literatura, dispor dun entorno amigable que o favoreza. Neste traballo estúdase a predisposición favorable entre os estudantes universitarios nas universidades presenciais. Fíxose un traballo empírico en varias titulacións na Universidade Da Coruña durante os cursos (2009-2010, 2010-2011, 2011-2012) e realizouse unha comparativa entre sexos, obtendo como resultado unha maior implicación das mulleres que dos homes, destacando así a importancia do xénero como un elemento diferenciador.

**Palabras clave:** Discapacidade, actitudes, educación, inclusión, xénero

## **Social inclusion of people with disabilities in traditional universities from the point of view of their peers: A gender perspective**

*María Isabel Novo-Corti, Jesús Miguel Muñoz Cantero & Patricia María Becerra Amado*

*University of A Coruña (Spain)*

**Abstract:** Social inclusion of people with disabilities is a priority of advanced societies, but this can only be achieved fully in standardized environments. Although young people with disabilities are increasingly accessing to education, they do mostly in open or distance universities, so that educational inclusion is not accompanied with university socialization with peers. To achieve this goal it is necessary, as the literature shows, have an environment that favors friendly. In this paper we study the favorable attitude among college students in universities face to face. The empirical work was done in various degrees at the University of A Coruña during the courses (2009-2010, 2010-2011, 2011-2012) and performed a

comparison between sexes, resulting in greater involvement women than men, highlighting the importance of gender as a differentiator.

**Keywords:** Disability, attitudes, education, inclusion, gender

## Introdución

España é un dos países inmersos no Estado do Benestar de aí a importancia de elaborar políticas educativas e sociais que axuden á consecución dos obxectivos que melloren a calidade de vida e o benestar social das persoas (MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO 2009). Actualmente, coa crise económica estes obxectivos vólvense cada vez máis difíciles de alcanzar.

Segundo as NACIONS UNIDAS (2010) no seu informe de Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) mostran que mesmo nos países máis desenvolvidos onde existe unha educación primaria case universal, os nenos que sofren algún tipo de exclusión teñen maioritariamente algún tipo de minusvalía. A pesar de que a educación primaria universal constitúe o obxectivo número 2 entre os OMD segue existindo unha evidente ligazón entre discapacidade e marxinación nese terreo.

A pesares do que se está a lograr na materia de exclusión social, aínda preexisten colectivos en risco de exclusión social (inmigrantes, persoas con discapacidade, pobres...), en concreto, no caso da discapacidade, este risco maniféstase en numerosos ámbitos da vida e a crise económica actual non fai máis que acrecentalo (DÍAZ VELÁZQUEZ 2010).

Para aumentar ás posibilidades de lograr a súa incorporación ao mundo laboral, as persoas con discapacidade optaron polo ensino a distancia como medio para lograr unha maior cualificación (COLLINS ET AL 2010). A sensibilización da sociedade cara a este colectivo, foi paralela a un maior acceso de estudantes á educación superior, o que, en países desenvolvidos, favoreceu o incremento de alumnos con discapacidade nas universidades (VERDUGO 2009).

Pero o acceso á educación superior, sobre todo, en ámbitos normalizados, non é sinxelo para os que sofren algunha discapacidade, polo que se requiren certas medidas institucionais de intervención. Segundo autores como SURIA (2011), MORENO ET AL. (2006) ou POLO E LÓPEZ (2005), entre outros, as actuacións que se adopten deben ir acompañadas de medidas que estimulen as relacións interpersoais entre os estudantes con discapacidade e o seu grupo de referencia social, que está constituído principalmente polos seus compañeiros de estudos no ámbito académico. Non obstante, a prestación de servizos en educación en España presenta unha situación heteroxénea, moi ligada ás distintas sensibilidades e normativas de cada unha das Comunidades Autónomas. Este escenario reflicte unha carencia da regulación legal común no Ensino Superior respecto do funcionamento, a súa estrutura organizativa, actividades a desenvolver, alcance das mesma e dos recursos materiais e humanos (SÁNCHEZ PALOMINO, 2003). A maior presenza de persoas con discapacidade nas aulas universitarias, aínda que

maioritariamente se encontra nas universidades abertas ou a distancia, tamén se deixou sentir nas universidades presenciais, o que é moi positivo en termos educativos e de formación, pero obvia o aspecto social inclusivo, tan necesario para as persoas con discapacidade, que se fomenta principalmente mediante a asistencia a aulas presenciais.

A relación cos pares é unha fonte de enriquecemento persoal e de reforzo de lazos sociais á que as persoas con discapacidade teñen, xeralmente, dificultades de acceso; pero esta relación é fundamental, especialmente en idades de adolescencia e xuventude temperá, como son as que caracterizan aos primeiros anos no ensino superior. Tal como sinalan INFANTE E GÓMEZ (2004), os cales analizaron as actitudes dos universitarios chilenos cara ás persoas con discapacidade, observando que o contacto coa persoa con discapacidade inflúe positivamente nas actitudes dos estudantes e GUGHWAN E CHOW (2001), que examinaron as actitudes cara á diversidade en varios grupos de estudantes de diferentes etapas mostrando actitudes máis favorables os estudantes de posgrao que os preuniversitarios, as relacións entre pares son un pilar fundamental tanto social coma educativo e estas xéranse, reforzan e consolidan maiormente nas aulas presenciais, por iso é moi desexable o acceso de persoas con discapacidade ás universidades tradicionais presenciais. Non obstante, para que a inclusión sexa efectiva, é preciso que os compañeiros dos estudantes con minusvalías se mostren receptivos á súa compañía nos centros educativos.

Existen diferentes traballos que nos mostran unha actitude positiva dos estudantes cara aos seus compañeiros con discapacidade (SURIÁ 2011; NOVO-CORTI, MUÑOZ E CALVO, 2011), algún deles analizan, ademais, a perspectiva de xénero NOVO- CORTI, MUÑOZ E CALVO (2013).

Por outra parte, o ámbito da educación debe, ademais, tomar en consideración a existencia de importantes factores extra - académicos como a accesibilidade, recollida por RODRÍGUEZ-ACASO (2011), cada vez mais presentes nas axendas dos gobernos. No caso español, este intereseponse de manifesto na realización de estudos específicos como o MANUAL PARA UN ÁMBITO ACCESIBLE (2011) elaborado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou outros manuais referidos a discapacidades específicas, ou iniciativas das propias universidades como o dedicado a explicar formas de apoio aos estudantes con Síndrome de Asperger, elaborado polas universidades Autónoma de Madrid, Burgos, Málaga, Sevilla e Zaragoza (CENTRO DE PSICOLOXÍA APLICADA, UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID, 2009).

Aínda que, segundo sinalamos, as actitudes son, en xeral, positivas cara ás persoas con discapacidade, ás veces veñen caracterizadas con certo sentido

negativo, falsamente mitificadas e cargadas de prexuízos sociais xeradas en torno a elas; en efecto, SOTO E VASCO (2008) sinalan que en ocasións se comporta unha crenza incerta cara a este colectivo como seres inferiores, ineficaces, incompetentes, e isto non só para enfrontarse ao mercado laboral senón á sociedade en si mesma, o que provoca que aínda poidan permanecer certos prexuízos ou estereotipos cara ás persoas con discapacidade que se manifestan, por exemplo no ámbito laboral (NOVO-CORTI, MUÑOZ-CANTERO E REBOLLO-QUINTELA, 2013).

Moitos estudos de intencións e actitudinais baséanse na Teoría do Comportamento Planeado (Theory of Planned Behavior, TPB) que foi desenvolvida por AJZEN (1991) e resulta de grande utilidade para explicar diferentes tipos de comportamentos sobre a base de tres factores determinantes destes. De acordo con esta teoría, WERNER E GRAYZMAN (2011) E AJZEN (2011) sosteñen que o antecedente inmediato a unha conduta vén dado por unha intención que está influenciada por tres factores cognitivos: actitude, norma social e control percibido. Así se puxo tamén de manifesto nas investigacións de NOVO-CORTI, MUÑOZ-CANTERO E CALVO-PORRAL (2011) que analizaron a inclusión de estudantes con discapacidade no ámbito educativo superior e puxeron de manifesto a grande importancia de avaliar estes factores xa que son determinantes da propensión á inclusión. Esta metodoloxía, do comportamento planeado, foi utilizada abordando a intención de inclusión ante a discapacidade, dende a etapa de educación primaria (OBRUSNIKOVA, DILLON, E BLOCK, 2011), en educación secundaria (OBRUSNIKOVA, BLOCK E DILLON, 2010) ata no ámbito universitario a futuros docentes e a súa postura ante a discapacidade (NOVO-CORTI, MUÑOZ-CANTERO E CALVO-PORRAL, 2011) e a formación de actitudes dos educadores (SÁNCHEZ PALOMINO 2009).

O obxectivo desta investigación é identificar se existen diferenzas na actitude e predisposición a axudar dos estudantes universitarios cara aos seus compañeiros con discapacidade segundo sexan homes ou mulleres e baséase, metodoloxicamente, nunha comparación de medias mediante a aplicación do estatístico t de Student. O noso obxectivo é o de observar as condutas diferenciais cara á inclusión dos estudantes con discapacidade en ámbitos universitarios normalizados dependendo do xénero para saber se existen realmente diferenzas significativas dentro dos estudantes sen discapacidade, segundo o colectivo sexa feminino ou masculino os que se relacionen con eles. Así mesmo, analízanse cales son as variables máis relevantes á hora de explicar a sensibilización cara a colectivos en exclusión, neste caso das persoas con discapacidade.

## **Discapacidade e risco de exclusión**

MIGUEL ÁNGEL MALO OCAÑA (2007) realiza unha reflexión, compartida por outros autores, sobre as características que debería cumprir unha definición de discapacidade útil para realizar análises económicas, en especial aqueles que tratan de coñecer a posición das persoas con discapacidade no mercado de traballo. Segundo un estudo elaborado por RED2RED CONSULTORES NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE LOITA CONTRA A DISCRIMINACIÓN 2007-2013 existen dúas definicións para referirse ás persoas con discapacidade un a nivel normativo e outro a nivel estatístico. A nivel normativo, refírese á definición segundo a lexislación vixente que considera as persoas con discapacidade como "aquelas ás cales se lles recoñece un grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento. En todo caso, consideraranse afectados por unha minusvalía en grao igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. A acreditación do grao de minusvalía realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional". A nivel estatístico, baséase na definición do INE que é substancialmente máis ampla. Baseada na clasificación da Organización Mundial da Saúde (OMS). Defínese a persoa con discapacidade en función do que estime a propia persoa con respecto á existencia dunha limitación importante e que afecte de forma duradeira para realizar as actividades da vida diaria, independentemente do certificado anteriormente mencionado.

Unha definición comunmente empregada é a realizada pola Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade (NACIONES UNIDAS, 2006), que definiu as persoas con discapacidade como aquelas que teñen deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo, que ao interactuar con diversas barreiras poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade en igualdade de condicións coas demais. En concordancia coas diferentes concepcións sobre o concepto de discapacidade tamén as hai na atención á diversidade que deben desenvolver os centros educativos. BAYOT, RINCÓN E HERNÁNDEZ (2002) entenden que os distintos ámbitos educativos atenden á diversidade, se parten das diferenzas e as aproveitan para o crecemento persoal e colectivo dos individuos. Nesa liña CASANOVA (1997) indícanos que a atención á diversidade dentro do sistema educativo resulta obrigada sendo o seu obxectivo ofrecer a calidade de ensino que reclama e esixe a sociedade actual. Se ofrecemos a todos o mesmo tipo de ensino, non existe unha

adecuación ás características do alumno nin este poderá desenvolver as súas capacidades.

A discapacidade pode ser analizada dende diferentes ámbitos. Neste traballo, concentrarémonos no concepto de discapacidade centrado nos aspectos sociais, o que se denomina "diversidade funcional" de acordo a ALONSO ET AL (2007) entendendo a discapacidade en sentido amplo, como aquela dificultade especial que algunha persoa ten nunha área concreta, sexa física, sensorial ou psicolóxica.

### Risco de exclusión:

O concepto de exclusión social atribúese a RENÉ LENOIR (1974). Baixo este concepto resgardábase unha ampla variedade de persoas: pobres, aquelas que padecían discapacidade, os suicidas, persoas maiores, os rapaces que sufriran abusos, etc. Co paso do tempo, o termo foi utilizado para referirse a desvantaxes sociais, relacionadas cos novos problemas que ían aparecendo na sociedade vinculados ás situacións de crise: desemprego, marxinación e cambios fundamentais na vida das familias (CANNAN & WARREN 1997). En traballos como o de PRESCOTT (2011) comprobouse como a mellora nos estándares de saúde permite un maior acceso á educación superior de certos colectivos en risco de exclusión.

A exclusión social constitúe un fenómeno multidimensional que afecta negativamente a aspectos do desenvolvemento humano (INFORME DESENVOLVEMENTO HUMANO 2013). Segundo a EUROPEAN FOUNDATION (1995) esta pode definirse como o proceso mediante o cal os individuos ou grupos humanos son total ou parcialmente excluídos dunha participación plena na sociedade na que viven.

O presente traballo relaciona estes dous conceptos ás actitudes dos estudantes universitarios en pro de favorecer a inclusión ao colectivo con discapacidade e así obter maiores oportunidades laborais nun futuro.

As actitudes cara os alumnos con discapacidade no entorno universitario foron analizadas (SURIÁ, 2011) segundo a etapa formativa nos diferentes niveis educativos e comprobouse unha actitude máis favorable cara ás persoas con discapacidade en alumnos universitarios que nos de secundaria, e tamén en compañeiros que interaccionan con persoas que a padecen.

Outros autores destacados neste tipo de investigacións son: INFANTE E GÓMEZ (2004) que observaron que a actitude máis favorable cara ao colectivo con discapacidade se daba en Pedagogía; ALONSO, NAVARRO E



VICENTE (2008) que realizaron o estudo distinguindo diferentes áreas de coñecemento entre os estudantes universitarios dando como resultado actitudes máis positivas en estudantes de Humanidades e Educación que no resto de áreas.

Pola súa parte CARDONA MOLTÓ, FLORIAN, ROUSE & STOUGH (2010) no que se realiza un estudo das actitudes cara á diversidade dende un fondo transcultural dos estudantes de Educación en España, Inglaterra e os Estados Unidos, construído con nove dimensións da diversidade. Segundo demostran as estatísticas a educación superior é o que garante unha maior inserción laboral á poboación en xeral, un acceso máis directo ao emprego de calidade, e unha garantía de estabilidade no traballo. Pero desafortunadamente parece ter barreiras para as persoas con discapacidade xa que é o nivel educativo ao que menos acceden. De aquí a relevancia desta investigación coa que intentaremos observar a armazón que existe detrás de todo isto.

### **Xénero como elemento diferenciador**

A expresión xénero é utilizada para describir as diferenzas entre homes e mulleres baseadas en factores sociais ou culturais e sexo para referirnos ás características que veñen determinadas bioloxicamente. A identidade de xénero sería o que consideramos como propio ou característico do feminino ou o masculino, é unha construción cultural que condiciona de xeito importante os comportamentos das persoas e que establece diferenzas no poder e a autoridade de homes e mulleres. De forma que nacer home ou muller implica vivir con posicións e recursos desiguais e con distintos valores, crenzas e actitudes diferentes. Aínda que maioritariamente os estudos existentes relacionados coa discapacidade se centran en analizar a dobre discriminación que supón ser muller e ter unha discapacidade, a chamada "dobre discriminación" (JIMÉNEZ LARA & HUETE GARCÍA, 2002), neste traballo non nos centramos no estudo diferencial da discapacidade en función do sexo da persoa que a padece, senón nos que con este colectivo se relacionan.

Segundo o informe da XUNTA DE GALICIA (Comunidade Autónoma do Noroeste de España) sobre Xénero e Drogas a división de xénero dominante en cada sociedade asigna a homes e mulleres roles ou papeis sociais diferentes e determina un conxunto de pautas de comportamento obrigadas, permitidas ou prohibidas ás que deben axustarse cada un destes grupos. Unhas pautas de conduta que son transmitidas e reproducidas a través de distintos espazos de socialización (familia, escola, medios de comunicación social, etc.). De aquí noso grande interese estudar as



diferentes actitudes que presenta a poboación universitaria feminina fronte á masculina na esfera da discapacidade.

Varios estudos apuntan a que non é relevante a variable xénero na explicación da actitude cara á inclusión de compañeiros con discapacidade. Así temos pois en educación primaria a FLÓREZ (1999) e NOWICKI (2006), pero aquí o pouco peso desta variable explicase pola idade temperá dos estudantes en pleno proceso de formación. Temos tamén a MORENO ET AL. (2006) que realiza o estudo na Universidade de Sevilla para alumnos de Psicoloxía e Educación, sen achar significación nin por xénero nin por titulación.

Pódese dicir vista a evidencia que non existe un consenso sobre se inflúe ou non realmente o xénero na actitude da discapacidade. Pero si podemos afirmar que é sumamente relevante a inclusión en educación (VERDUGO E SCHALOCK, 2009; NOWICKI 2006).

Centrando a análise, no xénero como factor diferencial, centrámonos nunha enquisa realizada nas Facultades de Economía e Empresa, Ciencias da Educación e Escola Técnica Superior de Arquitectura na Universidade da Coruña (España). A continuación procédese a explicar a metodoloxía empregada.

## **Metodoloxía**

Este traballo elabórase utilizando datos obtidos a partir dunha enquisa realizada en tres fases a un total de 1.253 alumnos das titulacións da Facultade de Economía e Empresa, Ciencias da Educación e Escola Técnica Superior de Arquitectura na Universidade Da Coruña executadas nesa orde cronolóxica e recollidas entre os anos 2010 e 2013. O cuestionario baseouse no utilizado por NOVO-CORTI (2010), do cal se seleccionaron 34 afirmacións sobre as cales os alumnos expresaron o seu grao de conformidade seguindo unha escala tipo Likert; as cuestións que están escaladas de 1 a 5, onde 1 significa en total desacordo e 5 totalmente de acordo coa afirmación correspondente a cada ítem.

O estudo realízase baixo análise descritiva da mostra e abéirase nun enfoque univariante co que se pretende analizar se existen diferenzas estatisticamente significativas entre as respostas dos estudantes segundo sexan homes ou mulleres, para iso realízase unha comparación de medias mediante a proba t de Student para mostras independentes.

## Mostra

A mostra foi tomada entre un total de 1.253 estudantes universitarios en tres ámbitos diferentes: Economía e Empresa, Ciencias da Educación e Arquitectura na Universidade da Coruña.

A aleatoriedade do proceso de selección asegurou a representatividade da mostra e, por iso, a posibilidade de inferir os resultados ao conxunto da poboación obxectivo. A media de idade foi de aproximadamente 22 anos (21,76). O erro aleatorio, a partir do suposto de máxima indeterminación ( $p=q=50$ ) e cunha marxe de confianza de 95%, calculado para unha mostra finita da poboación de alumnos matriculados, foi de 2,7%. A estrutura da mostra pode verse na Táboa 1, na que se recolleron as variables de clasificación máis representativas.

**Táboa 1: Estrutura da mostra**

Variable	Categoría	N	%
Xénero	Home	373	29,77%
	Muller	880	70,23%
Idade	17-20	557	44,45%
	21-25	555	44,30%
	26-30	98	7,82%
	>30	43	3,43%
Nacionalidade	Española	1.194	95,29%
	Estranxeira	59	4,71%
Padece discapacidade	Si	31	2,47%
	Non	1.222	97,53%
Centro de Estudo	Economía e Empresa	164	13,09%
	Ciencias da Educación	621	49,56%
	Arquitectura	468	37,35%

A polarización da mostra cara ás mulleres responde principalmente a dúas cuestións: a maior presenza como matriculadas na maioría das titulacións impartidas nos centros analizados e o elevado grao de asistencia a clase que presentan estas. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística de España (INE) para o período 2010-2011 a presenza das mulleres en estudos superiores era máis pronunciada que a dos varóns, sendo a destes máis notables en Arquitectura e ramas Técnicas (Táboa 2).

**Táboa 2. Alumnos (miles estudantes) matriculados en España**

	Total	Arquitectura e Ingenierías Técnicas	Diplomaturas	Licenciatura	Arquitectura e Ingenierías	Títulos dobles *	Graos
<b>Ambos sexos</b>	1.456	119	213	440	117	17	551
<b>Varones</b>	671	91	68	177	80	7	249
<b>Mulleres</b>	785	28	145	263	37	10	302

\* Estudos conducentes á obtención de dúas titulacións oficiais

Fonte: Elaboración propia a partir de Notas de prensa do INE (28 de maio de 2012).

A través da análise factorial realízase unha agrupación dos ítems da enquisa nalgúns factores principais, recollidas na táboa 3

### **Táboa 3: Agrupacións**

<b>ENTORNOS DE INFLUENCIA</b>	
GI1	Na miña familia, dende pequeno/a ensináronme que debo axudar os que me necesiten
GI2	Na miña familia, dende pequeno/a ensináronme que debo axudar os que me necesiten
GI3	No instituto ensináronme que debo axudar os que me necesiten
GI4	Na universidade ninguén se preocupa polo colectivo con discapacidade
GI5	Na universidade os profesores preocúpanse polas persoas con discapacidade
GI6	Na universidade os estudantes preocúpanse polas persoas con discapacidade
GI7	Os meus pais ensináronme que calquera pode chegar a ter unha discapacidade e necesitar dos demais
<b>ENTORNO SOCIO- INSTITUCIONAL</b>	
FI1	As institucións promoven suficientes programas de apoio ás persoas con discapacidade
FI2	Os programas de inclusión deberían ser promovidos polo estado
FI3	Os programas de inclusión deberían ser promovidos por organismos internacionais
FI4	As institucións deben ofrecer incentivos para impulsar a axudar aos colectivos con discapacidade
FI5	Alguén tería que ensinarme como axudar a unha persoa con discapacidade física
FI6	Alguén tería que ensinarme como axudar a unha persoa con discapacidade psíquica ou sensorial
<b>AUTOPERCEPCIÓN DA CAPACIDADE</b>	
DC1	Teño intención de axudar á inclusión das persoas con discapacidade
DC2	Gustaríame participar en programas de axuda á inclusión social
DC3	Se a universidade propuxese programas de apoio ao colectivo con discapacidade, eu apuntaríame
DC4	O meu desexo é participar en organizacións para apoio ás persoas en risco de exclusión
DC5	Quero que as institucións educativas promovan programas para a inclusión de persoas con discapacidade
DC6	Síntome capacitada/ou para apoiar e axudar a calquera persoa con discapacidade
DC7	Intento axudar a algunha persoa con discapacidade
DC8	Creo que son capaz de percibir as necesidades especiais das persoas con discapacidade
DC9	Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade física
DC10	Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade psíquica ou sensorial
DC11	Síntome máis feliz cando axudo unha persoa con discapacidade
DC12	Creo que é moi gratificante dedicar algo de tempo propio á axuda aos demais
DC13	Creo que a obriga de calquera persoa é axudar outra que a necesite
DC14	A discapacidade é un problema que debe afrontar e intentar resolver a persoa con discapacidade ou e/ou a súa familia
<b>IMPLICACIÓN PERSOAL</b>	
IS1	Creo que as persoas con discapacidade teñen dereito a participar en todas as actividades nas que participamos os que non a temos
IS2	Síntome implicado nas dificultades e problemas das persoas con discapacidade
IS3	A discapacidade aféctanos a todos dalgún xeito, aínda que non a padezamos

IS4	Na miña familia son moi sensibles cara á inclusión das persoas con discapacidade
IS5	Realmente síntome afectado/a cando vexo algunha persoa con discapacidade
IS6	Sería apropiado que as persoas con discapacidade estudasen con todos os demais na universidade tradicional
IS7	O problema das persoas con discapacidade só afecta a parte da sociedade

## Resultados

Na táboa 4 seguinte móstranse os estatísticos descritivos obtidos co total de observacións (1.253 enquisas) e coas submostras divididas por xénero (homes e mulleres). Diso poderemos interpretar se existen diferenzas nestes dous colectivos mediante a interpretación das súas respectivas medias.

**Táboa 4: Estatísticas das mostras**

Grupo	Cuestión	MEDIA			DESVIACIÓN TÍPICA		
		Homes	Mulleres	Global	Homes	Mulleres	Global
ENTORNO DE INFLUENCIA	GI1	4,29	4,49	4,43	0,872	0,774	0,812
	GI2	4,08	4,32	4,25	0,951	0,886	0,913
	GI3	3,71	4,04	3,94	1,142	1,049	1,087
	GI4	2,92	3,29	3,18	1,155	1,197	1,197
	GI5	3,08	3,27	3,22	0,900	0,983	0,962
	GI6	3,05	3,19	3,15	0,900	0,932	0,925
	GI7	4,02	4,17	4,12	1,100	1,068	1,080
ENTORNO SOCIO-INSTITUCIONAL	FI1	2,59	2,50	2,53	0,997	1,069	1,051
	FI2	3,92	4,01	3,98	1,020	0,992	1,000
	FI3	3,73	3,87	3,83	1,024	1,008	1,014
	FI4	3,65	4,01	3,90	1,239	1,130	1,174
	FI5	3,63	3,81	3,75	1,074	1,058	1,068
	FI6	3,84	4,00	3,95	1,144	1,004	1,049
AUTO-PERCEPCIÓN DA CAPACIDADE	DC1	3,25	3,56	3,47	1,010	1,042	1,041
	DC2	3,06	3,48	3,35	1,021	1,052	1,061
	DC3	3,02	3,55	3,39	1,016	1,036	1,058
	DC4	2,88	3,16	3,08	1,024	1,100	1,085
	DC5	3,79	4,10	4,00	0,989	0,894	0,935
	DC6	3,53	3,81	3,73	1,096	1,028	1,056
	DC7	3,05	3,35	3,26	1,174	1,129	1,152
	DC8	3,24	3,46	3,40	1,034	1,022	1,031
	DC9	3,72	3,89	3,84	,986	1,009	1,005
	DC10	3,28	3,47	3,42	1,121	1,102	1,111
	DC11	3,70	3,95	3,88	1,056	0,972	1,004
	DC12	3,96	4,21	4,14	0,948	0,895	0,923
	DC13	4,10	4,33	4,26	1,019	0,886	0,933
	DC14	2,82	3,58	3,36	1,487	1,540	1,564
IMPLICACIÓN PERSOAL	IS1	4,23	4,43	4,37	0,914	0,823	0,856
	IS2	3,41	4,01	3,83	1,148	1,057	1,120
	IS3	3,98	4,30	4,21	1,044	0,921	0,973
	IS4	3,18	3,40	3,33	1,090	1,117	1,114
	IS5	3,33	3,65	3,56	1,155	1,101	1,127
	IS6	4,09	4,21	4,17	1,078	1,055	1,063
	IS7	2,71	3,34	3,15	1,427	1,601	1,576

En todos os ítems expostos se pode observar que a diferenza entre os valores medios para homes e mulleres ten signo negativo, como isto resulta de restar a media das respostas proporcionadas polos homes á media do contestado polas mulleres, móstranos que o colectivo feminino ten medias superiores ao colectivo masculino. Salvo para o caso da variable FI1: "As institucións promoven suficientes programas de apoio ás persoas con discapacidade"; pero aquí debemos ter en conta que a pregunta é afirmativa polo que os varóns aceptan a cuestión mentres que as mulleres cren que estas actuacións son insuficientes, polo que se confirma tamén aquí a maior sensibilización do colectivo feminino.

**Táboa 5 A: Proba t para mostras independentes- Grupo 1: Entorno de Influencia**

Proba T Student para a igualdade de medias						
Proba de Levene para a igualdade de varianzas		t Student	Graos de Liberdade	$\alpha$ (bilateral)	Diferenza de medias	Error típico da diferenza
F	$\alpha$					
GI1-Na miña familia, dende pequeno/a ensináronme que debo axudar os que me necesiten						
11,037	0,001	-3,916	632,358	***	-0,204	0,052
GI2-No colexio, dende pequeno/a ensináronme que debo axudar os que me necesiten						
,514	0,474	-4,285	1250	***	-0,240	0,056
GI3-No instituto ensináronme que debo axudar os que me necesiten						
12,525	***	-4,764	651,122	***	-0,328	0,069
GI4- Na universidade ninguén se preocupa polo colectivo con discapacidade						
6,471	0,011	-4,989	1249	***	-0,365	0,073
GI5- Na universidade os profesores preocúpanse polas persoas con discapacidade						
15,415	***	-3,347	760,815	0,001	-0,191	0,057
GI6-Na universidade os estudantes preocúpanse polas persoas con discapacidade						
3,766	0,053	-2,546	1250	0,011	-0,145	0,057
GI7- Os meus pais ensináronme que calquera pode chegar a ter unha discapacidade e necesitar dos demais						
,467	0,494	-2,337	1250	0,020	-0,156	0,067

(\*) < 0.05: a proba de Levene indica o rexeitamento da hipótese Ho (varianzas iguais)  
(\*\*) < 0.01: a proba t indica rexeitamento da hipótese Ho (medias iguais)

**Táboa 5 B: Proba t para mostras independentes- Grupo 2: Entorno Socio- Institucional**

Proba T Student para a igualdade de medias						
Proba de Levene para a igualdade de varianzas		t Student	Graos de Liberdade	$\alpha$ (bilateral)	Diferenza de medias	Error típico da diferenza
F	$\alpha$					
FI1-As institucións promoven suficientes programas de apoio ás persoas con discapacidade						
4,147	0,042	1,409	1249	0,159	0,091	0,065

FI2- Os programas de inclusión deberían ser promovidos polo estado	3,099	0,079	-1,331	1250	0,183	-0,82	0,062
FI3- Os programas de inclusión deberían ser promovidos por organismos internacionais	2,869	0,091	-2,243	1250	0,025	-0,140	0,063
FI4-As institucións deben ofrecer incentivos para impulsar a axudar aos colectivos con discapacidade	10,280	0,001	-4,798	647,050	***	-0,358	0,075
FI5- Alguén tería que ensinarme como axudar a unha persoa con discapacidade física	1,459	0,227	-2,711	1250	0,007	-0,178	0,066
FI6-Alguén tería que ensinarme como axudar a unha persoa con discapacidade psíquica ou sensorial	19,689	***	-2,295	626,470	0,022	-0,157	0,068

### Táboa 5 C: Proba t para mostras independentes- Grupo 3: Autopercepción da Capacidade

Proba T Student para a igualdade de medias							
Proba de Levene para a igualdade de varianzas		t Student	Graos de Liberdade	$\alpha$ (bilateral)	Diferenza de medias	Error típico da diferenza	
F	$\alpha$						
DC1- Teño intención de axudar á inclusión das persoas con discapacidade	7,086	0,008	-4,901	1250	***	-0,313	0,064
DC2- Gustaríame participar en programas de axuda á inclusión social	13,421	***	-6,656	720,579	***	-0,424	0,064
DC3- Se a universidade propuxese programas de apoio ao colectivo con discapacidade, eu apuntaríame	16,588	***	-8,343	714,421	***	-0,527	0,063
DC4- O meu desexo é participar en organizacións para apoio ás persoas en risco de exclusión	3,475	0,063	-4,310	1250	***	-0,287	0,067
DC5- Quero que as institucións educativas promovan programas para a inclusión de persoas con discapacidade	9,754	0,002	-5,128	642,216	***	-0,305	0,059
DC6- Síntome capacitada/ou para apoiar e axudar a calquera persoa con discapacidade	5,559	0,019	-4,302	1250	***	-0,279	0,065
DC7- Intento axudar a algunha persoa con discapacidade	,524	0,469	-4,340	1250	***	-0,307	0,071
DC8- Creo que son capaz de percibir as necesidades especiais das persoas con discapacidade	,425	0,515	-3,557	1250	***	-0,226	0,063
DC9- Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade física	1,248	0,264	-2,760	1249	,006	-0,171	0,062
DC10- Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade psíquica ou sensorial	,165	0,684	-2,768	1250	,006	-0,189	0,068
DC11-Síntome máis feliz cando axudo unha persoa con discapacidade	8,603	0,003	-4,021	651,766	***	-0,256	,064
DC12- Creo que é moi gratificante dedicar algo de tempo propio á axuda aos demais	,575	0,448	-4,531	1250	***	-0,255	0,056
DC13- Creo que a obriga de calquera persoa é axudar outra que a necesite	2,195	0,139	-4,000	1250	***	-0,229	0,057
DC14- A discapacidade é un problema que debe afrontar e intentar resolver a persoa con discapacidade ou e/ou a súa familia	2,073	0,150	-8,185	1250	***	-0,771	0,094

## Táboa 5 D: Proba t para mostras independentes- Grupo 4: Implicación persoal

Proba T Student para a igualdade de medias						
Proba de Levene para a igualdade de varianzas		t Student	Graos de Liberdade	$\alpha$ (bilateral)	Diferenza de medias	Error típico da diferenza
F	$\alpha$					
IS1-Creo que as persoas con discapacidade teñen dereito a participar en todas as actividades nas que participamos os que non a temos						
9,658	0,002	-3,650	639,593	***	-,200	0,055
IS2- Síntome implicado nas dificultades e problemas das persoas con discapacidade						
8,475	0,004	-8,778	652,384	***	-,608	0,069
IS3- A discapacidade aféctanos a todos dalgún xeito, aínda que non a padezamos						
1,339	0,247	-5,483	1250	***	-0,325	0,059
IS4-Na miña familia son moi sensibles cara á inclusión das persoas con discapacidade						
3,069	0,080	-3,259	1250	,001	-0,224	0,069
IS5-Realmente síntome afectado/a cando vexo algunha persoa con discapacidade						
,139	0,709	-4,697	1250	***	-0,324	0,069
IS6- Sería apropiado que as persoas con discapacidade estudasen con todos os demais na universidade tradicional						
,010	0,921	-1,827	1249	,068	-0,120	0,066
IS7- O problema das persoas con discapacidade só afecta a parte da sociedade						
26,101	***	-6,925	780,813	***	-0,634	0,091

En todos os ítems expostos pódese observar que a diferenza de medias para homes e mulleres ten signo negativo, como isto resulta de restar a media das respostas proporcionadas polos homes á media do contestado polas mulleres, móstranos que o colectivo feminino ten medias superiores ao colectivo masculino.

Para detectar se existen diferenzas estatisticamente significativas analizamos a varianza mediante a proba de Levene e procedido á análise de medias mediante o estatístico t Student. No primeiro, a hipótese nula ( $H_0$ ) que se pretende contrastar é que a varianza é igual para homes e para mulleres; co estatístico t Student contrástase a  $H_0$ : as medias entre homes e mulleres son iguais.

Referente a isto os valores obtidos botan os seguintes resultados:

No primeiro grupo referido ao entorno de influencia que está baseado na esfera máis próxima ao entrevistado/a que exerce un gran peso na actitude dos estudantes cara á discapacidade, as mulleres mostran actitudes máis favorables que os homes en todos os ítems sendo a diferenza en medias estatisticamente significativas a un nivel de significación moi inferior ao 0,05



No grupo de entorno socio-institucional encóntanse diferenzas significativas en dous dos ítems. Aínda que cabe matizar dúas cuestións, a primeira referida á cuestión FI1: "As institucións promoven suficientes programas de apoio ás persoas con discapacidade", que como xa indicamos resultou ter unha formulación inversa, polo que se corrobora a maior sensibilización no colectivo feminino, e por outra o ítem FI2: NS2 "Os programas de inclusión deberían ser promovidos polo estado" que non mostra diferenzas estatisticamente significativas.

En canto ao grupo de autopercepción da capacidade trátase de valorar a predisposición, actitude e percepción de capacidades do entrevistado ante a discapacidade. Todos os ítems que se inclúen neste grupo mostran diferenzas significativas en medias ao nivel de significación inferior ao 1%; por exemplo as referidas ao nivel de satisfacción persoal ao axudar como poden ser: DC11: Síntome máis feliz cando axudo unha persoa con discapacidade"ou C12:"Creo que é moi gratificante dedicar algo de tempo propio á axuda aos demais". Os ítems referidos a capacidades como DC9 "Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade física" e DC10 "Creo que sería capaz de axudar a algunha persoa con discapacidade psíquica ou sensorial" mostran maiores niveis de significación, pero seguen sendo moi inferiores ao 1%.

Por último temos o grupo relacionado coa implicación persoal, que mostra a sensibilización e intención ao apoio cara á inclusión dos estudantes con discapacidade, no que se comprobou que existe unha diferenza en medias estatisticamente significativa na maioría dos ítems analizados a un nivel de significación do 0,01, demostrando que o colectivo feminino está máis disposto a axudar e apoiar os seus compañeiros con discapacidade que no colectivo masculino, excepto para IS6 "Sería apropiado que as persoas con discapacidade estudasen con todos os demais na universidade tradicional" na que se aceptan as hipóteses nulas, o nivel de significación para este ítem é de 0,068.

## **Discusión de resultados**

Dos datos analizados podemos deducir que no ámbito universitario existe unha maior sensibilidade das mulleres cara á discapacidade, isto queda reflectido nos valores superiores que toman as medias das respostas das mulleres en todos os ítems considerados. Así mesmo, cabe sinalar que estas diferenzas de medias son estatisticamente significativas na división por xénero.

Estes datos son destacables especialmente nos grupos referidos a implicación persoal e autopercepción da capacidade cara as persoas con discapacidade. Estes resultados apuntan a que as alumnas teñen unha actitude máis favorable cara aos seus compañeiros con discapacidade e que este colectivo en principio desfavorecido encontrará apoio con máis facilidade nas súas compañeiras que entre os seus compañeiros. Se xuntamos estes dous grupos podemos afirmar que as mulleres universitarias serán un apoio máis eficaz para lograr a inclusión efectiva dos seus compañeiros con discapacidade.

A importancia do entorno de influencia en que se desenvolven as persoas con discapacidade, pónense de manifesto a través do xénero, xa que a análise realizada mostra que as mulleres son reflexo da sensibilización que reciben na casa, colexio ou institutos, este feito pódese observar grazas a que existen medias moi inferiores para o colectivo masculino neste grupo. As actitudes do entorno non son, polo tanto, homoxéneas, senón que dependen das características das persoas que o conformen, polo menos no que ao sexo se refire.

## **Conclusiones**

De acordo cos resultados obtidos nesta investigación, a perspectiva de xénero indica que as alumnas, en termo medio, son máis propensas a axudar que os seus compañeiros ás persoas que sufran algún tipo de discapacidade.

Contrariamente ao que poderíamos pensar no grupo de autopercepción da capacidade debido á menor capacidade física das rapazas, os resultados mostraron unhas respostas máis favorables, tal vez encubrida pola intención, é dicir, aínda que non sexan fortes fisicamente, vese contrarrestado coas ganas a axudar.

Nembargantes, convén subliñar que, inda que as mulleres teñen resultados máis elevados, en xeral existen cifras moi favorables en toda a mostra, especialmente no grupo de implicación persoal cara o colectivo de estudantes con discapacidade.

Á vista destes resultados tan diferenciados con razón do xénero destacamos a importancia de levar a cabo políticas educativas que se centren nesta característica para intentar acurtar as diferenzas entre os dous colectivos e que axuden a crear conciencia de compromiso cara á discapacidade e a dependencia en xeral.

Para axudar ao desenvolvemento da persoa con discapacidade e á súa futura incorporación ao mundo laboral é necesario facilitarlles o acceso á educación e a súa integración, por iso poñemos de relevancia políticas educativas que se inicien en cursos educativos básicos para axudar a mellorar a actitude cara á discapacidade e conforme se vaia subindo no sistema educativo reforzar esas ensinanzas, xa que tanto a familia coma as institucións educativas son un factor clave a ter en conta na creación desa conciencia favorable colectiva.

Este estudo intenta axudar a dilucidar as diferenzas significativas que existen entre homes e mulleres no colectivo da poboación estudiantil universitaria en relación coa axuda a integración e inclusión de compañeiros con discapacidade no ámbito das clases presenciais. Como este é un ámbito no que se condiciona as oportunidades laborais futuras das persoas con discapacidade consideramos sumamente importante sinalar estas diferenzas e propoñer áreas de mellora que as reduzan ou fagan desaparecer.

Formulamos a posibilidade futura de estender a análise a outras universidades tanto nacionais coma estranxeiras para comprobar se se logran os mesmos resultados ou se pola contra, este estudo é un caso atípico.

## **Bibliografía**

AJZEN, I. (1991). *The theory of planned behavior. Organizational Behavior and Human Decision Processes*, 50, 179-211.

ALONSO, M., NAVARRO, R. Y LIDÓN, V. (2008). *Actitudes hacia la diversidad en estudiantes universitarios*. Comunicación presentada en las XIII Jornadas de Fomento de la Investigación, UniversitatJaume I, Castellón, España.

BAYOT, A., DEL RINCÓN, B. Y HERNÁNDEZ PINA, F (2002). *Orientación y atención a la diversidad: descripción de programas y acciones en algunos grupos emergentes*. *Revista Electrónica de Investigación y Evaluación Educativa*, v. 8, n. 1. [http://www.uv.es/RELIEVE/v8n1/RELIEVEv8n1\\_2.htm](http://www.uv.es/RELIEVE/v8n1/RELIEVEv8n1_2.htm). Consultado o Marzo 2013.

CANNAN, C. & WARREN, C. (1997). *Social action with children and families: A Community development approach to child and family welfare*. Roudlege

- CARDONA MOLTÓ, M. C; FLORIAN, L. , ROUSE M. & STOUGH L.M (2010): *Attitudes to diversity: a cross-cultural study of education students in Spain, England and the United States*. European Journal of Teacher Education, 33:3, 245-264. <http://dx.doi.org/10.1080/02619768.2010.495771>
- CASANOVA, M<sup>a</sup>. A. (1997). *Tratamiento de la diversidad en el sistema educativo actual*. Universidad y Discapacidad. Valencia: Lliso.
- COLLINS, A.J., GILBERTSON, D.T., SNYDER, J.J., CHEN, S. AND FOLEY, R.N. (2010). *Chronic kidney disease awareness, screening and prevention: Rationale for the design of a public education program*. Nephrology, 15 (SUPPL. 2), 37-42.
- COLLINS, B.C; BAIRD, C.M. & HAGER, D. H. (2009). *The University of Kentucky Distance Education Program in moderate en severe disabilities*. Rural Especial Education Quarterly, 28 (3), 30-40
- DÍAZ VELAZQUEZ, E. (2010). *Ciudadanía, identidad y exclusión social de las personas con discapacidad*. Política y Sociedad, 47(1), 115-135.
- FLÓREZ, M.A. (1999). *Actitudes hacia las personas con discapacidad: valoración de la eficacia de un programa de cambios de actitudes en el entorno escolar*. Tesis doctoral departamento de psicología. Universidad de Oviedo
- GUGHWAN, C.&CHOW, L.(2001). *Korean students' differential attitudes to ward people with disabilities: an acculturation perspective*. International Journal of Rehabilitation Research, 24, 79-81
- INFANTE, M. Y GÓMEZ, V. (2004). *Actitudes de los estudiantes de educación hacia la integración de personas con discapacidad y hacia la educación multicultural*. Cultura y educación, 16, 4, 371-384.
- LENOIR, R. (1974). *Les Exclus: Un Français sur Dix*. Paris: Editions du Seuil
- MORENO, J.F., RODRÍGUEZ, I.R., SALDAÑA SAGE, D., AGUILERA, A. (2006). *Actitudes ante la discapacidad en el alumnado universitario matriculado en materias afines*. Revista Iberoamericana de Educación, 1681-5653 40 (5), 5-25.
- MUÑOZ CANTERO, J.M., NOVO-CORTI, I., ESPÍNEIRA BELLÓN, E.M. (2013). *La inclusión de los estudiantes universitarios con discapacidad en las universidades presenciales: Actitudes e intención de apoyo por parte de sus compañeros*. Estudios sobre Educación, nº24, pp. 103-124

NACIONES UNIDAS (2007). *Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad y Protocolo Facultativo*.

NOVO-CORTI, M. I. (2010). *Attitudes toward disability and social inclusion: An exploratory analysis*. *European Research Studies Journal*, 13 (3) 83-117.

NOVO-CORTI, I., MUÑOZ-CANTERO, J.M. Y CALVO-PORRAL, C. (2011). *Analysis of attitudes towards disability among university students: a focus on the theory of reasoned action*. *Relieve*, 17(2), 1-26. Consultado o 13 de Fevereiro do 2013.

OBRUSNIKOVA, I., BLOCK, M., Y DILLON, S. (2010). *The use of theory of planned behavior to explore children's beliefs toward teacher-directed playing with peers with disabilities in physical education*. *Adapted Physical Activity Quarterly*, 27 (2), 127-142.

OBRUSNIKOVA, I., DILLON, S. R., &BLOCK, M. E. (2011). *Middle school student intentions to play with peers with disabilities in physical education: Using the theory of planned behavior*. *Journal of Developmental and Physical Disabilities*, 23(2), 113-127

POLO, M. Y LÓPEZ, M. (2005). *Barreras de acceso al medio físico de los estudiantes con discapacidad motora de la Universidad de Granada*. *Electronic Journal of Research in Educational Psychology*, 3, 121-132.

PRESCOTT, H.M. (2011). *Student bodies, past and present*. *Journal of American College Health*, 59(6), 464-469.

RODRIGUEZ-ASCASO, A., BOTICARIO, J.G., FINAT, C., DEL CAMPO, E., SANEIRO, M., ALCOCER, E., ET AL. (2011). *Inclusive scenarios to evaluate an open and standards-based framework that supports accessibility and personalisation at higher education*. UAHCI'11 Proceedings of the 6th International conference on Universal access in human-computer interaction: applications and services. Vol. Part IV, pp.612-621. Berlin, Heidelberg: Springer-Verlag.

SOTO. V. Y VASCO E. (2008). *Representaciones sociales y discapacidad*. *Hologramática*, 8, (VI) 3-22.

SURIÁ, R. (2011). *Comparative analysis of student's attitudes toward their classmates with disabilities*. *Electronic Journal of Research in Educational Psychology*, 9, 197-216.

VERDUGO, M (2009): *El cambio educativo desde una perspectiva de calidad de vida*. *Revista de Educación (Madrid)*, 349, 23-43.

VERDUGO, M. Y SCHALOCK, R. (2009). *Quality of Life: From Concept to Future Applications in the Field of Intellectual Disabilities*. Journal of Policy and Practice in Intellectual Disabilities, 6 (1), 62-64.

WERNER, S. Y GRAYZMAN, A. (2011). *Factors influencing the intention of students to work with individuals with intellectual disabilities*. Research in Developmental Disabilities, 32, 2052-2510.

XUNTA DE GALICIA, CONSELLERÍA DE SANIDADE (2010). *Guía informativa: drogas y género: Plan de atención integral a la salud de la mujer de Galicia*.